

## REUNIÓN de SEGUIMIENTO do PLAN de VACINACIÓN

Vimos de participar na Reunión de seguimento do plan de vacinación convocada pola Dirección Xeral de Saúde Pública que contou como asistentes coas organizacións sindicais máis representativas, a patronal do ensino concertado e privado, e as ANPAS entre outros colectivos vinculados ó ensino.

### 1. A Consellería trasladou os seguintes puntos:

---

No que respeta á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA a Directora Xeral de Saúde Pública informou de que mellorou substancialmente xa que incidencia acumulada diminuíu máis do 40%. Non obstante, dada a necesidade de vixiar constantemente a evolución, solicita axuda de toda a comunidade educativa para manter as medidas de seguridade.

En canto ó PROCESO DE VACINACIÓN:

-No ensino público recibiron a primeira dose 26.000 docentes menores de 55 anos o que supón unha taxa de aceptación do 90%.

-Seguirán revisando periodicamente a situación do persoal en IT segundo os listados que se lles envíen que se cruzarán coa información da tarxeta sanitaria. Os mutualistas de Muface que teñan asistencia sanitaria privada tamén serán dados de alta nas bases de datos do SERGAS.

-As máis de tres mil persoas que compoñen o persoal non docente destinado en centros públicos están comezando a ser citadas, por orde de prelación, en horario de tarde.

-Tras un cruce de discrepancias entre a patronal da Concertada e a Consellería que orixinou algún retraso, acabou de depurarse un listado que recolle datos de 8.000 persoas traballadoras neste sector. De entre elas, hai 6.000 menores de 55 anos que están a ser convocadas para a vacinación.

### 2. As organizacións presentes preguntaron sobre os seguintes aspectos:

---

-Segunda dose para maiores de 55 anos que xa recibiran a primeira: volverán ser convocados entre os 21 e 28 días a contar dende a primeira dose.

-Persoal en IT de larga duración: dependendo do que resolva o Ministerio valorarásese a posibilidade de que, se finalmente, non se inclúen no colectivo de ensino, se vacinen atendendo á súa idade ou vulnerabilidade.

-Envío áxil do COMUNICADO POR DECLARACION RESPONSABLE:  
A Consellería pide que se empreguen os buzóns para trasladar as cuestións persoais e casuísticas a saúde pública. Tanto os dos centros coma a Dirección Xeral a través dos sindicatos. Eles darán tratamento e resposta.

-Vacinação dos ALUMNOS EN PRÁCTICAS: tratarásese na Comisión Nacional de Saúde Pública.

-Suministro das vacinas: Refíren que non existen carencias no suministro en ningún centro de saúde nen área sanitaria xa que teñen aproximadamente unhas 15.000 doses en reserva. Tamén se prevé unha maior chegada de novas doses a partires de abril.

-Persoal de comedores escolares e monitores extraescolares: FANPA reclama que se defina un periodo de vacunación para os primeiros e que se inclúa no Plan ós segundos.

-Equipos de Orientación Específicos: tamén se incluírán.

### 3. A intervención e postura da FeSP-UGT recolle:

---

Sen terminar de pronunciarnos sobre se a vacunación por colectivos é a máis idónea (xa que os colectivos vulnerables de saúde non están sendo vacinados e hai lentitude nos maiores...); entendemos que, unha vez escollida esa estratexia, se debe seguir o criterio de inclusión establecido polo ministerio no colectivo 6.b. que non inclúe por exemplo persoal de cafeterías dos centros ou cuidadores de comedores xestionados por ANPAS. Doutro xeito desvirtúase o concepto de prioridade por resultar un servizo esencial de necesario contacto con grupos amplos.

Con respecto á posta en marcha da vacunación do colectivo de ensino, entendemos que se puideran producir desaxustes que en todo caso foron provocados pola escasa planificación atribuída á urxencia. Valoramos o feito de que antes de tres semanas, se todo vai como ata o de agora, estarán vacinadas máis de 40000 persoas

Confiamos tamén en que os atrancos que se produciron no inicio non se repitan xa que durante o período mínimo de 12 semanas de espera, se terá tempo para unha planificación que non interrompa a vida dos centros. Aínda máis cando nos comentan que hai estudos que indican que no caso de ASTRA-ZENECA extender este período podería mellorar a efectividade das vacinas.

Sobre todo, valoramos o enorme esforzo que o persoal sanitario e non sanitario do SERGAS está a realizar tanto antes, como durante a PANDEMIA e tamén agora no proceso de vacinación. Estase a vacinar todos os días, mañá e tarde, sábados, domingos e festivos. Consecuencia diso teremos a todo o colectivo vacinado en menos de tres semanas.

Unha vez máis: resulta obrigado VALORAR O ESFORZO DOS PROFESIONAIS DO SERGAS QUE ESTÁN A VACINAR TODOS OS DÍAS. Somos conscientes do esforzo e do proceso. Pedimos que se traslade ós sanitarios e non sanitarios a nosa felicitación.